

Discurso denso

Solpores dunha xeira



ROMÁN RAÑA

Retoma Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962) os seus vellos estilemas, a súa órbita persoal sobre temas xa antes desenvolto: o tempo, que non para de escapar desde o seu primeiro libro *Perdendo o tempo que fuxe como Xoán Sebastián Bach*, editado no remoto ano de 1983. Agora faino desde *Arcaico o tempo que respira* e, novamente, asistimos á proliferación das lentas descrições dos ámbitos, acompañados, moitos deles, das súas respectivas referencias culturais (escritores, pintores, políticos de noso). Todo isto contribúe a adensar un discurso poético de por si denso, a facer máis compacta a longa enumeración das cousas que impactan o autor e que este quer

transmitir
ao lector:

a sensación de perda, de apodrecemento de todo o que tocamos e vivimos, a invitación á luz dos nomes que queren ser todos os nomes, un universo persoal que se dirixe ao vacío, á morte.

Obviamente este segundo tema, o da extinción persoal, está contido, por ósmose, nos obxectos e espazos que acaban sendo símbolos da nosa finitude, da nosa terminación no mundo. Para delinear este acabamento, o poeta bota man de versos fragmentarios, de anacos de poemas doutros literatos (Ferrín primeiro, mais tamén Yeats, Eliot, etc.) e que urden a famosa intertextualidade. O texto acaba sendo así o tecido que a súa etimoloxía propón, fíos racionais e irracionais que conforman o tapiz dos significados múltiples: “O artificio da eternidade contido na perversa/anunciación ou sobre un muro de cornwall/no terríbel advento de xeracións que cesan/ante a reflexión acerca do misterio e do masacre/e todo coñecemento que nos achega á morte/-o degoiro por unha veste mortal que arroupe/un espectro movéndose en confusión na hora de agonía.”

A citación é longa, mais creo que ilustra perfectamente o alento poético de Paulino: a verbosidade que esconde unha desesperada meditación sobre o final do tempo e de todos os tempos, a morte persoal, mais tamén a morte colectiva, pois unha morte supón todas as mortes e a corrupción do noso corpo non deixa de ser un emblema da corrupción comunal á que ninguén escapa.



VÁZQUEZ, Paulino, *Arcaico tempo que respira*,
Ed. Galaxia, Vigo, 2009, 60 páxinas